

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 22 de xuño de 2010 pola que se incorporan dous novos procedementos ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.2º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regúlase a atención ao cidadán,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Inclúese no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os cales está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e quedan pois, habilitados cos efectos previstos no seu artigo 5.1º, os seguintes procedementos:

IN414B.-Procedemento de adhesión de entidades colaboradoras no Plan Renove de Electrodomésticos.

IN414C.-Solicitud de axuda do Plan Renove de Electrodomésticos.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo:

<http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Orde do 22 de xuño de 2010 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.2º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regúlase a atención ao cidadán,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Inclúese no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os cales está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e queda pois, habilitado cos efectos previstos no seu artigo 5.1º, o seguinte procedemento:

IG412A.-Bolsas de promoción exterior do Igape, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo:

<http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE, TERRITORIO
E INFRAESTRUTURAS**

Corrección de erros.-Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 53, do xoves 18

de marzo de 2010, compre facer as oportunas correccións.

-Na páxina 3.682, columna esquerda, punto I.A.3.1.2.f, onde di: «f) As estancias de superficie=12,00 m² deberán admitir na súa planta a inscrición dun cadrado de 2,60 m de lado, na forma establecida no punto I.A.2.2.»; debe dicir: «f) As estancias de superficie \geq 12,00 m² deberán admitir na súa planta a inscrición dun cadrado de 2,60 m de lado, na forma establecida no punto I.A.2.2.».

-Na páxina 3.682, columna dereita, punto I.A.3.2.2.1.d, onde di: «A superficie do cadrado non poderá ser invadida por elementos construtivos puntuais que non sobresaian máis de 0,30 m das caras do cadrado sempre que a suma total das superficies ocupadas en planta polos ditos elementos sexa inferior a 0,15 m²; debe dicir: «a superficie do cadrado só poderá ser invadida por elementos construtivos puntuais que non sobresaian máis de 0,30 m das caras do cadrado sempre que a suma total das superficies ocupadas en planta polos ditos elementos sexa inferior a 0,15 m²».

-Na páxina 3.686, columna dereita, punto I.B.3.2.2.d, onde di: «En edificios de vivendas colectivas de planta baixa máis dúas plantas nos cales non se instale ascensor, admitirase ventilación e iluminación cenital, por medio dun lucernario que dispoña dunha superficie mínima equivalente de 2/3 da superficie da caixa da escaleira. Neste caso, o oco central da escaleira quedará libre en toda a súa altura e nel deberá poder inscribirse un círculo de Ø 1,10 m»; debe dicir: «En edificios de vivendas colectivas de ata planta baixa máis dúas plantas nos cales non se instale ascensor, admitirase ventilación e iluminación cenital, por medio dun lucernario que dispoña dunha superficie mínima equivalente de 2/3 da superficie da caixa da escaleira. Neste caso, o oco central da escaleira quedará libre en toda a súa altura e nel deberá poder inscribirse un círculo de Ø 1,10 m».

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 21 de xuño de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se fai pública a composición do Consello Social da Universidade de Vigo.

Pola Orde do 7 de febreiro de 2008 (DOG nº 39, do 25 de febreiro) fíxose pública a composición do Consello Social da Universidade de Vigo.

Segundo a Lei 1/ 2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia o

artigo 10.1º letra b), os membros do Consello Social cesarán, entre outras causas, por morte. O parágrafo 2 do citado artigo 10 sinala que as vacantes se deberán cubrir pola autoridade, entidade ou institución correspondente no prazo máximo de tres meses. De non comunicárselle o acordo de designación dentro do devandito prazo ao conselleiro competente en materia universitaria, o posto permanecerá vacante deica a finalización do correspondente mandato. En todo caso, o membro substituído entenderase nomeado polo período que reste do anterior mandato.

O artigo 7.4º desta lei establece que os acordos de designación de membros do consello social seranlle comunicados ao conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa consellería.

Con data do 17 de xuño de 2010, o presidente do Consello Social da Universidade de Vigo comunica o falecemento de Manuel Rodríguez de la Fuente e o nomeamento de Flora Castro González, como representante da Confederación Empresarial de Ourense no seu consello social, na súa substitución. O Consello Social achega tamén a declaración de incompatibilidades de Flora Castro González, establecida no artigo 12 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo único.

Nomear a Flora Castro González como representante designada polas organizacións empresariais no Consello Social da Universidade de Vigo en substitución de Manuel Rodríguez de la Fuente.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 17 de xuño de 2010 pola que se clasifica de interese sanitario a Fundación Foltra.

Examinado o expediente de solicitude de clasificación da *Fundación Foltra* con domicilio no lugar Lamas, chalet As Gaiotas, Cacheiras, Teo (A Coruña).

Feitos:

1. Ana María Peleteiro Bandín, presidenta do padroado da fundación, formulou solicitude de cla-